



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n  
15800 Melide (A Coruña)  
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134  
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

# PLAN DE CONTINXENCIA

Curso 2020  
2021

## CONTIDOS

1. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho
2. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial
3. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

O Plan de Continxencia do Ceip Mestre Pastor Barral ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **1 – ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.**

- 1.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- 1.2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- 1.3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- 1.4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- 1.5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- 1.6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- 1.7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de

persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

1.8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

1.9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

1.10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **2 – ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

2.1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2.2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

2.3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

2.4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde e emocional como para continuar co ensino a distancia, a través dos distintos medios telemáticos.
- b) Manter a actividade lectiva habitual por medio da aula virtual, cun sistema establecido de prazos para a entrega de traballos.
- c) Intensificar a coordinación entre o profesorado implicado.
- d) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- e) Revisar o protocolo para modificar os aspectos que se estimen necesarios.

### **3 – MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

#### **Fase 1 – Adecuación de Espazos**

A duración desta fase previsiblemente será dunha semana. Nesta primeira fase o equipo Covid do centro xunto coas autoridades sanitarias establecerán as actuacións a desenvolver, tales como a análise e desinfección de espazos

#### **Fase 2 – Formación de pequenos grupos**

Duración - 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 %.

Esta fase é fundamental para retomar co alumnado a importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans e informal das novas normas derivadas do gromo do Covid 19. Habería unha combinación de docencia presencial e a telemática.

#### **Fase 3 – Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos**

Duración - 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 70 %.

Nesta fase os alumnos continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico. Así como a combinación da docencia presencial e a telemática.

#### **Fase 4 – Fase de reactivación**

Duración - 1 semana

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado. Nesta fase voltarase ao traballo na aula, non esquecendo a aula virtual. Tamén comprobaremos o grao de adquisición do traballado no tempo de peche.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Mestre Pastor Barral

R/ Camiño Real s/n  
15800 Melide (A Coruña)  
Tfno.: 881866132/31/33 Fax: 881866134  
ceip.pastor.barral@edu.xunta.es

**ANEXO**

**PLAN DE**

**CONTIXENCIA**

**ANTE PECHES DE**

**AULAS OU CENTRO**

**EDUCATIVOS NO**

**CONTEXTO DA**

**COVID-19**

O Plan de Continxencia ante o peche dunha aula ou peche dun do Ceip Mestre Pastor Barral ten por finalidade establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial.

## **1. Horario de clase**

Dende o Ceip Mestre Pastor Barral establecemos un horario para cada aula semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade sempre respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.

Os medios telemáticos utilizados polo profesorado serán os facilitados pola Consellería de Educación, os servicios dixitais corporativos, posto que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal.

O horario establecido do noso colexio é o seguinte.

## **INFANTIL**

Ensino non presencial ( toda a clase en corentena ou confinamento xeral)

As mestras manterán contacto coas familias a través do:

- ✓ Correo electrónico, para enviar as actividades e material educativo para o traballo na casa e para que as familias poidan achegar información e/ou arquivos ás mestras.
- ✓ Chamadas telefónicas e/ou watsapp.
- ✓ Videoconferencias a través da plataforma da Xunta Falemos.edu.xunta.gal

Estas videoconferencias realizaránse dependendo das necesidades que cada titora vexa no seu grupo de referencia e previo consenso de cada titora coas familias decidindo, no seu caso, o día e a hora que mais lle conveña ás familias e non teñan problemas para realizar esa conexión. No caso de realizalas e non poida conectarse todo o alumnado nesa hora, decidiríase a creación de dous grupos para así facilitar á conexión de todos os nenos/as.

As videoconferencias usaránse para realizar as actividades que cada titora decida en función do tempo da corentena e da evolución do alumnado.

O traballo a realizar na casa enviaráse o venres á última hora da mañá ( para facilitar ás familias a organización do mesmo con tempo suficiente) e abranguerá a organización do traballo de toda a semana, de xeito que cada familia, en función da súa situación, o organice do xeito que mais lle conveña.

As titoras estaremos dispoñibles no horario lectivo para solventar calquera dúbida, e os luns de 16:00 a 17:00 horas seguirá sendo o horario das titorías.

As tarefas enviadas polos especialistas ás familias será a través das titoras.

## **1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

Os xoves en horario de 13:15 a 14:05 poderán conectarse as familias de 1º para falar coa mestra cando así o soliciten, e o venres de 10:55 a 11:50 serán os alumn@s quen poidan resolver as dúbidas coa mestra a través de videoconferencia.

Os martes en horario de 12:20 ata as 13:15 poderán conectarse coa mestra de inglés e coa de seccións bilingües ( Natural Science)

A plataforma usada será Falemos.edu.xunta.gal o resto das comunicacións realizaranse a través do correo electrónico e o Abalar

## **2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

En segundo de Educación Primaria establécese un horario de titoría cos pais os luns de 11:00 ata as 12:00, utilizando a ferramenta Falemos.edu.xunta.gal e a titoría para os nenos todos os días de 9:05 – 10:00 usando a mesma ferramenta, na que estarán atendidos pola titora e os especialistas.



### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05 a 10:00	Lingua Castellana 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Lingua Galega 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Relixión / Valores 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Inglés 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Ciencias Naturais 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas
10:00 a 10:55	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Lingua Castelá 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Ed. Física 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas
10:55 a 11:50	Lingua Galega 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Inglés 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Ed. Física 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lingua Galega 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Matemáticas 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas
11:50 a 12:20	<b>RECREO</b>				
12:20 a 13:15	Ciencias Sociais 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lingua Castellana 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lingua Castellana 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Música 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lingua Galega 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas
13:15 a 14:05	Plástica 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Naturais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Inglés 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas

Neste horario os xoves dende ás 09:05 e ata as 10:00 o titor ten horario de atención ás familias polo que cando queiran solicitar unha titoría será nese hora arriba citada. Así mesmo cando algún alumno necesite falar con seu mestre fora da conexión coa aula completa será nos momentos que nos se atopen en conexión.

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05 a 10:00	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Lengua Castellana 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Lingua Galega 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Lingua Galega 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas
10:00 a 10:55	Lingua Galega 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Relixión/ Valores S.C. 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Lengua Castellana 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas
10:55 a 11:50	Ciencias Sociais 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	E. Física 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Música 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Ciencias Naturais 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Inglés 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas
11:50 a 12:20	RECREO				
12:20 a 13:15	Lengua Castellana 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lingua Galega 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lengua Castellana 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Inglés 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	E. Física 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas
13:15 a 14:05	Inglés 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Naturais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Plástica 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Libre Configuración 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas

Neste horario os venres desde as 10:55 e ata as 11:50 o titor ten horario de atención ás familias polo que cando queiran solicitar unha titoría será nese hora arriba citada.

Así mesmo cando algún alumno necesite falar con seu mestre fora da conexión coa aula completa será nos momentos que nos se atopen en conexión.

## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05 a 10:00	Lengua Castellana 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Inglés 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Lingua Galega 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas
10:00 a 10:55	Ed. Física 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Inglés 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Relixión/Valores 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Lingua Galega 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas
10:55 a 11:50	Matemáticas 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lengua Castellana 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lingua Galega 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Ed. Física 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Ciencias Sociais 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas
11:50 a 12:20	RECREO				
12:20 a 13:15	Música 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lingua Galega 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Ciencias Naturais 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Matemáticas 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Inglés 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas
13:15 a 14:05	Ciencias Naturais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Ciencias Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Plástica 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Lengua Castellana 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Lengua Castellana 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas

Neste horario os xoves desde as 10:55 e ata as 11:50 o titor ten horario de atención ás familias polo que cando queiran solicitar unha titoría será nese hora arriba citada. Así mesmo cando algún alumno necesite falar con seu mestre fora da conexión coa aula completa será nos momentos que nos se atopen en conexión.

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05 a 10:00	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Matemáticas 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Ed. Física 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas	Inglés 09:05 a 09:35 virtual 09:35 a 10:00 tarefas
10:00 a 10:55	Lingua 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Inglés 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Música 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Matemáticas 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	Relixión/Valores 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas
10:55 a 11:50	Ed. Física 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lingua 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lengua Catellano 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Lingua 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	Matemáticas 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas
11:50 a 12:20	<b>RECREO</b>				
12:20 a 13:15	Lengua 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	C. Sociacias 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Inglés 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	C. Naturais 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	Lengua 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas
13:15 a 14:05	C. Naturais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Plástica 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	C. Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	Libre Configuración 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	C. Sociais 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas

Os luns de 10:55 a 11:50 será a hora de titoría para pais onde con cita previa poderán conectarse coa titora. Os alumnos poderán resolver dúbidas nos minutos que esteán a realizar a tarefas, posto que a titora terá sempre a sala para que se conecten os alumnos.

Dende o colexio faremos simulacións cos alumnos para que estean habituados ao uso no caso de que se produza un peche. Cada titor e mestre especialista usará na súa clase tanto a aula virtual como unha videoconferencia. Deste xeito os nen@s xa estarán familiarizados coas ferramentas.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

<i>HORA/DÍA</i>	<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
09:05-10:00	PXAD	PXAD			PXAD
10:00-10:55	At familias	At Familias			At familias
10:55-11:50	<i>Reunión DO</i>	PXAD			PXAD
11:50-12:20	<i>RECREEO</i>	RECREEO			RECREEO
12:20-13:15	PXAD	PXAD			PXAD
13:15-14:05	PXAD	PXAD			PXAD
16:00-18:00	Reunións do centro				

Dentro das accións de desenvolvemento do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), atópanse as accións de orientación e asesoramento ao profesorado, alumnado e familias.

Para a atención directa das familias, resérvanse tres sesións dentro do horario espello e será preciso que estas soliciten cita con anterioridade, chamando ao teléfono do centro educativo. Esta atención, realizarase mediante videoconferencia a través da aplicación da Xunta de Galicia “Falemos”, para o cal unha vez asignada a data de atención, enviaráselle á familia solicitante un enlace ao correo web para o acceso á videochamada.

Asemade, recóllese dentro deste horario espello, unha sesión adicada á coordinación das accións de atención á diversidade por parte das mestras de apoio de PT e AL. As cales serán supervisadas nas diferentes sesións recollidas no horario, segundo necesidades.

A coordinación, asesoramento, orientación e supervisión do profesorado e alumnado realizarase mediante os sistemas que teñan establecidos nos seus respectivos horarios.

## Horario de Audición e Linguaxe

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:05-10:00	3º E.P.		A.E.		1º E.P.
10:00-10:55	4º E.P.		A.E. 6º E.I.		4º E.P.
10:55-11:50	D.O.		5º E.P.		A.E.
11:50-12:20					
12:20-13:15	A.E.		2º E.P. 3º E.P.		6º E.P.
13:15-14:05	2º E.P.		Atención á diversidade.		Atención á diversidade.

## Horario de Pedagogía Terapéutica

HORA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:05-10:00	<b>5º</b> 9:05 a 9:35 virtual 9:35 a 10:00 tarefas	<b>3º</b> 9:05 a 9:35 virtual 9:35 a 10:00 tarefas	<b>1º</b> 9:05 a 9:35 virtual 9:35 a 10:00 tarefas	<b>4º</b> 9:05 a 9:35 virtual 9:35 a 10:00 tarefas	<b>1º</b> 9:05 a 9:35 virtual 9:35 a 10:00 tarefas
10:00-10:55	<b>1º</b> 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	<b>4º</b> 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	<b>3º</b> 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas	<b>Atención á diversidade</b>	<b>5º</b> 10:00 a 10:30 virtual 10:30 a 10:55 tarefas
10:55-11:50	<b>Reunión DO</b>	<b>5º</b> 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	<b>6º</b> 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	<b>6º</b> 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas	<b>3º</b> 10:55 a 11:25 virtual 11:25 a 11:50 tarefas
11:50-12:20	RECRO	RECRO	GARDA RECRO	RECRO	GARDA RECRO
12:20-13:15	<b>4º</b> 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	<b>2º</b> 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	<b>2º</b> 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	<b>5º</b> 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas	<b>6º</b> 12:20 a 12:50 virtual 12:50 a 13:15 tarefas
13:15-14:05	<b>Atención á diversidade</b>	<b>Outras actividades</b>	<b>Atención á diversidade</b>	<b>2º</b> 13:15 a 13:45 virtual 13:45 a 14:05 tarefas	<b>Atención á diversidade</b>
16:00-17:00	<b>Titoría pais/alum</b>				
17:00-18:00	<b>Reunión depart./equ.</b>				

## 2. Canles de comunicación coas familias

No caso de peche ou confinamento usarase tanto a páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/>, como a aplicación Abalar, polo que cada familia deberá xa ter instalado no móbil dita aplicación.



En todas as materias usarase a Aula virtual do centro, <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/aulavirtual/>, así como a ferramentas Cisco Webex <https://www.webex.com/es/index.html> ou Falemos.edu <https://falemos.edu.xunta.gal/> para a realización das videoconferencias.

## 3. Material informático

Despois da realización da enquisa sobre os medios informáticos dos que dispoñen as familias, será a dirección a encargada de enviar a Inspección o nome do nen@ que non dispón de material informático para a realización das tarefas, no caso de que ocorrerá un confinamento parcial ou o peche do centro escolar. Así dende o día que se produza o peche, será o centro escolar cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispor deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. No caso de non dispor de recursos, a dirección do centro remitirá con máxima urxencia a inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir. A inspección dará traslado ao servizos centrais ditas necesidades para facilitar a cobertura inmediata.

Será Consellería de Educación quen dote con recursos ás familias que o precisen, así como quedou recollido na enquisa que se fixo a comezo deste curso 2020-2021. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do material que se fará baixo préstamo e mentras dure o peche o confinamento.

#### **4. Asistencia ás clases non presenciais.**

O alumnado ten os mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial e , polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento. Cando un alumno non asista á clase non presencial e non xustifique a súa ausencia, poñeráselle falta do mesmo xeito que cando acode ao colexio presencialmente.